

**PROXECTO  
KAMISHIBAI  
(2012-2014)**

## PROXECTO KAMISHIBAI

A través do seguimento do Plan de mellora de bibliotecas escolares, detectouse a utilización, por parte dalgúns centros, dun teatriño xaponés, denominado “kamishibai”, que favorece a expresión oral a través da narración de contos cunha técnica específica, que ten a súa orixe nos templos budistas do Xapón (s. XII). O kamishibai consta dunha estrutura que recolle a atención do público, e unhas láminas que se incrustan nesta estrutura de forma que o público ve a imaxe, pero que levan texto escrito polo seu reverso, de tal forma que a persoa que narra pode apoiarse no texto sen problema.

A utilización deste material propicia, á vez, a escritura e a expresión plástica, entre outras habilidades, esixindo ademais un traballo colaborativo entre grupos pequenos de alumnos e alumnas. Co fin de impulsar a súa utilización adquiriuse un pequeno lote destes teatriños, cos correspondentes contos en versión galego/castelán/inglés, para ofertarllos a un pequeno grupo de bibliotecas escolares do Plan de mellora, de forma que puidesen probar as súas potencialidades.



Adoptouse como criterio para a selección dos centros aos que se distribuirían os kamishibais a comezos do curso 2012/2013, o compromiso das comunidades educativas na atención e uso da biblioteca escolar, posto de manifesto na memoria do curso inmediatamente anterior, así como o feito de seren centros situados en medios rurais do noso país, principalmente das provincias interiores. Tamén se valorou a dispoñibilidade para colaborar na elaboración dun pequeno informe sobre os beneficios desta técnica para o tratamento das competencias lingüísticas, para o que se preparou o pertinente formulario.

Por outra parte, os centros participantes deste “proxecto kamishibai”, están conectados entre si nun foro específico e poden intercambiar as súas experiencias. Finalmente, pedíuselles que, unha vez coñecidas as posibilidades deste instrumento, compartisen co resto do profesorado unha produción dos nenos e nenas (un conto, un poema, a exposición logo dun traballo de investigación...) en formato pdf, ou vídeo, co fin de


difundir a experiencia ao conxunto dos centros educativos. Estes materiais están dispoñibles a través da paxina web Bibliotecas Escolares de Galicia.

Foron un total de 15 centros os que participaron deste pequeno proxecto, catorce deles CEIPs e un CPI. Das respostas ao formulario de valoración que se lles presentou, podemos extraer algúns datos:

## 1. Características do kamishibai

Preguntouse ao profesorado das bibliotecas escolares pola súa apreciación respecto a algunhas características deste recurso educativo:

- ✓ Atractivo para traballar co alumnado
- ✓ Utilidade na biblioteca escolar
- ✓ Posibilidade de uso para o profesorado
- ✓ Facilitade de uso para o alumnado
- ✓ Adaptación ao alumnado
- ✓ Versatilidade
- ✓ Oportunidade ou pertinencia deste recurso para o alumnado
- ✓ Capacidade para estimular a creatividade.




Como se pode ver neste gráfico, practicamente todas as variables acadan a maior valoración (4 ou 5 puntos). Concretamente o profesorado considera, na súa maioría, que o kamishibai é un recurso útil na biblioteca escolar e con potencialidade para estimular a creatividade do alumnado. En relación coa versatilidade

do recurso (a posibilidade de usos con distintas finalidades) as valoracións son máis variadas, pero seguen sendo moi positivas.

## 2. Posibilidades de uso do kamishibai

Formuláronse ao profesorado unha serie de posibilidades para o uso do kamishibai na biblioteca escolar e pedíuselle unha valoración, tras a súa utilización:

- ✓ Actividades de expresión oral, narración, recitais...
- ✓ Presentacións de traballos de investigación
- ✓ Expresión plástica e artística
- ✓ Traballo colaborativo
- ✓ Interdisciplinariedade
- ✓ Intercambios entre distintos niveis de idade



Como se aprecia no gráfico, o kamishibai é valorado claramente como un recurso moi útil para as actividades de expresión oral, narracións e recitais dentro da biblioteca escolar. Da mesma forma, considérase un recurso útil para a realización de actividades de expresión plástica e artística. Favorece, segundo as valoracións do profesorado, o traballo colaborativo e os intercambios colaborativos; en menor medida a interdisciplinariedade, sobre a que hai maior diversidade de opinións. O kamishibai resulta menos valorado como recurso para a presentación de traballos de investigación, aínda que o 66% das valoracións


acadan as maiores puntuacións, polo que non debéra desdeseñarse tamén esta potencialidade.

### 3. Usos que se deron nos centros ao kamishibai

Entre os usos que se contemplaban para o kamishibai nos centros, ofrecéronse para a súa valoración os seguintes:

- ✓ A narración de contos na biblioteca
- ✓ A narración de contos nas aulas
- ✓ Os recitais poéticos na biblioteca ou nas aulas
- ✓ A elaboración de novos contos
- ✓ A presentación de contidos na biblioteca ou nas aulas
- ✓ A presentación de traballos de investigación na biblioteca ou nas aulas
- ✓ Outros

Á vista das respostas do profesorado, a utilización deste recurso foi variado, pero sobre todo empregouse para a narración nas bibliotecas e nas aulas, e tamén para a elaboración de contos novos, máis alá dos que acompañan ao teatriño.




Entre os usos que se especifican, a maiores dos xa indicados, recollemos a adaptación de contos publicados en formato impreso, co correspondente traballo plástico; a elaboración de contos no contexto dun “proxecto documental integrado” sobre a saúde ou a elaboración para o kamishibai da biografía da

mascota da biblioteca. Tamén é interesante a experiencia dun centro que foi “presentar a súa experiencia co kamishibai” a outro centro. Nalgún centro foi un recurso empregado para a lectura na denominada “hora de ler”, ou tempo para a lectura dentro do horario lectivo. Nun centro chegouse a facer un “conto viaxeiro” para o kamishibai, coa participación de todos os grupos-aula.

#### 4. Utilización do kamishibai por profesorado e alumnado

Preguntado o profesorado pola porcentaxe de docentes e alumnos do centro que empregaron directamente o kamishibai, as respostas son significativas: nun 73% dos centros o kamishibai foi empregado por máis dun 20% do profesorado. Nun 13% dos centros, máis do 75% do profesorado empregou o kamishibai como recurso educativo.




En relación co alumnado, pedíuse o número de nenos do centro que empregaron o kamishibai, de forma activa. A tipoloxía dos centros era moi diferente en canto a número de alumnos, polo que non resultan datos extrapolables, pero é importante constatar que nun 25% dos centros foron máis de cen alumnos e alumnas os que empregaron directamente o kamishibai, e nun 66% foron máis de cen os alumnos que o disfrutaron.

Cómpre salientar, así mesmo, que nun 66% dos centros disfrutaron tamén do kamishibai as familias do alumnado.

## 5. Producións dos centros en relación co kamishibai

Os centros participantes neste “proxecto kamishibai” elaboraron distintos materiais, especialmente como resultado da utilización deste recurso, e que xa aparecen detallados anteriormente: novos contos, adaptación de contos tradicionais ou actuais, presentacións de traballos de investigación, etc. Pero tamén elaboraron outros materiais para difundir prácticas co propio teatriño, especialmente vídeos ou presentacións. Algúns destes materiais están aloxados nos blogs ou páxinas web da biblioteca, ou do propio centro.




Algúns destas producións están recollidas na sección “Proxecto kamishibai” da páxina de Bibliotecas Escolares de Galicia.

## 6. Valoración do equipo da biblioteca

Preguntouse ao profesorado do equipo de biblioteca pola súa valoración respecto das posibilidades do kamishibai para apoiar os seguintes aspectos:

- ✓ Fomento da lectura desde a biblioteca escolar
- ✓ Formación de usuarios da biblioteca

- ✓ Adquisición de habilidades no uso e produción de información
- ✓ Adquisición de competencias básicas



Á vista das respostas dos equipos de biblioteca, podemos afirmar que o kamishibai é un recurso de gran interese para o fomento da lectura. Un 86% dos centros valoran por riba de 3 puntos as posibilidades do kamishibai para a adquisición de habilidades no uso e produción de información. Da mesma forma, un 80% dos equipos de biblioteca valoran positivamente o kamishibai como recurso para a adquisición de competencias básicas. En relación coas posibilidades deste recurso para a formación de usuarios da biblioteca só é valorado moi positivamente (4, 5 puntos) polo 33% dos equipos.

## 7. Suxestións e conclusións do profesorado

Entre as suxestións e conclusións do profesorado dos centros incluídos no Proxecto Kamishibai, podemos ler o seguinte:

- ✓ O kamishibai fomenta a expresión oral e escrita nos nenos e nenas que o utilizaron. Traballaron en equipo debuxando, escribindo, pintando e contando aos compañeiros e compañeiras.
- ✓ Traballamos en inglés co texto e límolo aos alumnos/as de 4º e 5º curso de primaria nos dous idiomas. Nos demais cursos límolo só en galego.



- ✓ Aprenderon a sintetizar o texto nun só debuxo con trazos moi sinxelos.
- ✓ Disfrutaron contando e os demais nenos e nenas do colexio escoitando o conto na hora de ler.
- ✓ É un bo recurso para atención educativa e atención á diversidade
- ✓ Suxírese:
  - Levar kamishibai a diversos espazos (rúa, festas, parques...)
  - Actuar para públicos diversos (maiores, institutos...)
  - Incluílo nos traballos de plástico e nos proxectos.
- ✓ Considerámolo como un material interesante e con grandes usos por explorar. Ao mesmo tempo parécenos que resulto un eixe motivador e innovador a incluír para mellorar a práctica lectora tanto dentro da biblioteca escolar como nas diferentes aulas.
- ✓ Ofrécese como un recurso diferente para potencia a lectura sobre todo porque o alumnado esfórzase en realizar unha lectura expresiva.
- ✓ Ofrece múltiples posibilidades por ser de fácil uso e moi versátil para adaptarse aos diferentes obxectivos.
- ✓ Permite traballar distintas competencias de forma diferente, especialmente a competencia cultural e artística, xa que lle permite ao alumnado crear os seus propios contos.
- ✓ Ao mesmo tempo permite mellorar a competencia en comunicación lingüística desde a creación dos propios textos ata a posta en escea traballando a lectura expresiva.
- ✓ Penso que a era da tecnoloxía non está reñida coa artesanía da palabra. Un recurso tan simple como o kamishibai non falla nunca, ten un compoñente máxico que consegue atrapar a atención dos nenos e nenas e facerlles atravesar a liña que separa a fantasía da realidade. Ogallá os docentes que traballan cos nenos pequenos se desen conta do seu potencial.

## 7. Conclusións

- O kamishibai é un recurso sinxelo que ofrece múltiples posibilidades, como queda comprobado a través deste breve informe. Cómpre valoralo á hora de completar o equipamento dunha biblioteca escolar.
- Aínda que neste pequeno estudo só participaron centros de primaria (e un CPI), cóñécense experiencias de centros de ensino secundario onde tamén se

emprega. A simplicidade do instrumento non debe enganar pois son moitas as súas potencialidades. O alumnado pon un práctica moitas habilidades para o deseño dun produto no que o peso da imaxe e do texto debe estar compensado e pensado para atraer ao espectador, pero tamén para lograr unha comunicación eficaz, sexa dun texto narrativo, poético ou expositivo. Pode ser un apoio para o teatro lido ou para a presentación de pequenos traballos de investigación.

- Recoméndase a súa valoración como instrumento ao servizo das competencias clave, da aprendizaxe colaborativa e das prácticas en beneficio da comunidade (voluntariado de lectura, grupos de colaboradores da biblioteca...).

## ANEXOS

### 1. Centros que participaron no proxecto

<b>Centro</b>	<b>Concello</b>	<b>Provincia</b>
CEIP Víctor Sáenz	Mazaricos	Coruña (A)
CPI Luís Díaz Moreno	Baralla	Lugo
CEIP A Gándara	Monforte de Lemos	Lugo
CEIP PLurilingüe da Pontenova	Pontenova (A)	Lugo
CEIP Santa María do Valadouro	Valadouro (O)	Lugo
CEP Luís Tobío	Viveiro	Lugo
CEIP Plurilingüe de Covas	Viveiro	Lugo
CEIP Pedro Caselles Rollán	Xove	Lugo
CEIP Julio Gurriarán Canalejas	Barco de Valdeorras (O)	Ourense
CEIP Nosa Señora de Xuvencos	Boborás	Ourense
CEIP de Oímbra	Oímbra	Ourense
CEIP Amadeo Rodríguez Barroso	Ourense	Ourense
CEIP A Ponte	Ourense	Ourense
CEIP de Agolada	Agolada	Pontevedra
CEIP Nosa Señora das Dores	Forcarei	Pontevedra

## 2. Ferramenta para a recollida de valoracións

### PROXECTO KAMISHIBAI – VALORACIÓN

CURSO 2012/2013

(datos recollidos a finais de 2013)

<b>Código do centro:</b>		<b>Concello:</b>		<b>Provincia:</b>	<input type="text"/>
<b>Nome do centro:</b>					
<b>Responsable biblioteca escolar:</b>					

A comezos do presente curso remitíronse a un grupo de centros integrados no Plan de mellora de bibliotecas escolares uns “kamishibais”. Trala súa utilización no centro, pregamos a súa colaboración para valorar as posibilidades deste recurso, de cara á adquisición de habilidades e competencias clave:

#### 1. **CARACTERÍSTICAS DO KAMISHIBAI** (Valore de 1 a 5, sendo 1 o de menor valor)

Atractivo do recurso para traballar co alumnado	<input type="text"/>
Utilidade na biblioteca escolar	<input type="text"/>
Posibilidades de uso para o profesorado	<input type="text"/>
Facilidade de uso para o alumnado	<input type="text"/>
Adaptación ao alumnado	<input type="text"/>
Versatilidade do recurso (posibilidade de usos con distintas finalidades)	<input type="text"/>
Oportunidade ou pertinencia deste recurso para o alumnado	<input type="text"/>
Capacidade para estimular a creatividade	<input type="text"/>

#### 2. **POSIBILIDADES DO KAMISHIBAI**

Actividades de expresión oral, narración, recitais...	<input type="text"/>
Presentacións de traballos de investigación	<input type="text"/>
Expresión plástica e artística	<input type="text"/>
Traballo colaborativo	<input type="text"/>
Interdisciplinabilidade	<input type="text"/>
Intercambios entre distintos niveis de idade	<input type="text"/>

**3. USOS QUE SE LLE DERON NO CENTRO** (marque cun X os usos)

Narración de contos na biblioteca	<input type="checkbox"/>
Narración de contos nas aulas	<input type="checkbox"/>
Recitais poéticos na biblioteca ou nas aulas	<input type="checkbox"/>
Elaboración de novos contos	<input type="checkbox"/>
Presentacións de contidos na biblioteca ou nas aulas	<input type="checkbox"/>
Presentación de traballos de investigación na biblioteca ou nas aulas	<input type="checkbox"/>
Outros (especificar):	

**4. PROFESORADO/ALUMNADO**

Porcentaxe de profesorado do centro que empregaron o kamishibai	%
Número de alumnos/as que o empregaron directamente	
Número de alumnos/as que o disfrutaron	
Outros membros da comunidade educativa:	

**5. PRODUCTOS ELABORADOS PARA DIFUNDIR AS ACTIVIDADES**  
co Kamishibai (no seu caso)

<b>Produción</b>	<b>Tema</b>	<b>Formato</b> (Vídeo, Impreso, PDF, ODP, PPT, SlideShare...)	<b>Aloxado en...</b> (endereço electrónico)
Vídeo			
Conto			
Recital			
Presentación			
Outros			

### 6. VALORACIÓN DO EQUIPO DA BIBLIOTECA

(respecto das posibilidades do kamishibai para apoiar os distintos aspectos)

Fomento da lectura desde a biblioteca escolar	<input type="text"/>
Formación de usuarios da biblioteca	<input type="text"/>
Adquisición de habilidades no uso e produción de información	<input type="text"/>
Adquisición de competencias básicas (detallar)	<input type="text"/>
SUXESTIÓNS:	

### 3. Páxina de Bibliotecas Escolares de Galicia

Sección Proxecto Kamishibai (Materiais dos centros):

<http://www.edu.xunta.es/biblioteca/blog/?q=category/15/60>



